

**Á Mesa da Comisión de Investigación sobre o suposto pago de viaxes e axentes electorais do PSOE con fondos da Secretaría Xeral de Emigración e a contratación laboral deses axentes con fondos da Consellería de Traballo.**

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través dos membros da Comisión, presentan a seguinte **EMENDA Á TOTALIDADE CON TEXTO ALTERNATIVO** ao Proxecto de Lei do Ditame elaborado pola Ponencia da Comisión de Investigación sobre o suposto pago de viaxes e axentes electorais do PSOE con fondos da Secretaría Xeral de Emigración e a contratación laboral deses axentes con fondos da Consellería de Traballo.

## **ANTECEDENTES**

### 1. Creación.

O Pleno da Cámara na súa sesión do día 11 de marzo de 2008, acordou, por unanimidade, a creación da Comisión de Investigación do suposto pagamento de viaxes a axentes electorais do PSOE con fondos da Secretaría Xeral de Emigración e a contratación laboral deses axentes con fondos da Consellería de Traballo, a solicitude das 37 deputadas e dos deputados integrantes do G.P. Popular de Galicia formalizada no documento rexistro de entrada núm. 27622.

### 2. Composición e constitución da Comisión e elección da súa Mesa.

A Mesa-Xunta de Portavoces, nas súas sesións do día 17 de marzo de 2008, acordaron:

1.- Que esta Comisión se integre por nove membros, a razón de tres por grupo parlamentario, e a adopción dos seus acordos mediante a aplicación do criterio do voto ponderado.

2.- Fixar o prazo de designación dos seus representantes ata o día 26 de marzo de 2008.

Os grupos parlamentarios, a través dos documentos R.E. núms. 27921, 27932, 27937 e 27939, designaron aos membros desta Comisión, que se constituíu na sesión do día 1 de abril de 2008, coa composición seguinte:

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

- D. Antonio Rodríguez Miranda
- D. José Manuel Castelao Bragaña
- D. Agustín Baamonde Díaz

#### Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

- D. Xoaquín Fernández Leiceaga
- D. José Tomé Roca
- D.<sup>a</sup> Laura Seara Sobrado

#### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

- D. Carlos Aymerich Cano
- D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
- D.<sup>a</sup> María Carme da Silva Méndez

Na devandita sesión constitutiva, procedeuse, ademais, á elección dos membros da Mesa desta Comisión, na que resultaron elixidos

Presidente: D. José Tomé Roca

Vicepresidenta: D.<sup>a</sup> María Carme da Silva Méndez

Secretario: D. José Manuel Castelao Bragaña

### 3. Normas de funcionamento.

A Mesa da Comisión, na reunión do día 1 de abril de 2008, acordou a apertura dun prazo para a presentación de antepropostas de normas de funcionamento polos grupos parlamentarios que rematou o día 8 de abril. Posteriormente, a Mesa da Comisión, na reunión do día 9 de abril de 2008, logo do exame e análise das antepropostas presentadas (doc. R.E. núm. 28224, do G.P. Popular de Galicia, e 28230, dos G.P. dos Socialistas de Galicia e G.P. do Bloque Nacionalista Galego), elaborou a proposta de normas de funcionamento que se aprobaron, na sesión da Comisión do día 14 de abril de 2008. Nelas recóllense o obxecto e a duración, así como a súa organización, funcionamento, medios de acción, plan de traballo, comparecencias e ditame, nos seguintes termos:

*<< I. Obxecto e duración*

#### **Artigo 1**

*A Comisión créase co obxecto de coñecer a totalidade das actuacións públicas referentes ao suposto pagamento de viaxes a*

*axentes electorais do PSOE con fondos da Secretaría Xeral de Emigración e a contratación laboral deses axentes con fondos da Consellería de Traballo*

## **Artigo 2**

*A Comisión extinguírase ao remate do labor encomendado, no máis breve prazo posible.*

### ***II. Organización***

## **Artigo 3**

*A Mesa é o órgano de dirección e impulso das actividades da Comisión e exercerá as seguintes funcións:*

- a) Recomilar toda a información e documentación imprescindible para realizar a tarefa encomendada.
- b) Organizar as actividades que se consideren necesarias para dotar a Comisión de todo tipo de informacións de interese para a elaboración das conclusóns.
- c) Preparar os documentos que deban ser sometidos á deliberación da Comisión.
- d) Executar os acordos adoptados pola Comisión.
- e) Propoñerlle á Comisión un plan de traballo e un calendario de actividades, logo de escutar as propostas dos distintos grupos parlamentarios.
- f) Aquelas que en calquera momento lle asigne a Comisión.

## **Artigo 4**

*A Comisión poderá designar unha Ponencia cando as circunstancias do traballo así o aconsellassen.*

*As comparecencias terán lugar en comisión, agás que, por acordo da propia Comisión, se acorde levalas a cabo en Ponencia.*

### *III. Funcionamento*

#### **Artigo 5**

*A Comisión será convocada pola súa presidencia, de acordo coa súa Mesa.*

#### **Artigo 6**

*A Comisión entenderase validamente constituída en sesión plenaria cando asistan a metade máis un dos seus membros. Os acordos tomaranse por maioría simple, utilizando para o seu reconto o voto ponderado.*

#### **Artigo 7**

*Debido á índole e aos fins da Comisión, esta poderá reunirse en sesión extraordinaria en períodos non comprendidos nos ordinarios de sesións. Neste caso, o presidente da Comisión daralle conta á presidenta da Cámara.*

#### **Artigo 8**

*1. Os traballos e deliberacións da Comisión axustaranse ao previsto no artigo 70 do Regulamento do Parlamento de Galicia.*

*2. A actuación dos deputados e deputadas deberá axustarse ao previsto nos artigos 13 e 101 do Regulamento do Parlamento de Galicia.*

### *IV. Medios de acción*

#### **Artigo 9**

*1. A Comisión, a través da presidenta do Parlamento, poderá exercer as facultades previstas no artigo 44 do Regulamento da Cámara.*

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, calquera deputado ou deputada poderá facer uso da facultade de información recoñecida no artigo 9 do Regulamento da Cámara.

## **Artigo 10**

1. Sempre que se solicitase a presenza dalgunha autoridade ou particular para comparecer na Comisión ou, se é o caso, na Ponencia, os extremos sobre os que deba informar deberán serlle comunicados cunha antelación mínima de cinco días hábiles, debendo ser advertido dos seus dereitos así como da posibilidade de acudir asistido de letrado ou letrada.

2. As persoas requiridas en forma legal e baixo apercibimento que deixasen de comparecer incorrerán nas responsabilidades previstas no artigo 502 do Código penal.

## **Artigo 11**

Sempre que o axeitado funcionamento da Comisión o precise, o Parlamento, a través da Mesa, poderá contratar, con carácter temporal, o auxilio de persoas expertas, nos termos que se especifican na disposición derradeira cuarta do Regulamento da Cámara.

### **V. Plan de traballo**

## **Artigo 12**

A Comisión aprobará un plan de traballo sobre a proposta elaborada pola Mesa desta Comisión, oído o parecer e as achegas dos portavoces dos grupos parlamentarios, e nel figurará o calendario xeral de actividades para a Comisión.

O plan de traballo incluirá os mecanismos para a incorporación de novas comparecencias ou solicitudes de información en función do desenvolvemento da propia Comisión.

### **VI. Comparecencias**

## **Artigo 13**

*Serán admitidas todas as preguntas que formulen os grupos parlamentarios en cada comparecencia, sempre que versen sobre o obxecto da Comisión. Será o presidente da Comisión o que faga a valoración da pertinencia ou non das preguntas.*

## VII. Ditame

### **Artigo 14**

1. *Se a Comisión designase unha Ponencia, esta elaborará un proxecto de ditame no que se reflectirán as conclusóns da investigación. O proxecto seralle elevado á Comisión para o seu debate e aprobación.*
2. *No caso de que non se designase unha Ponencia, será a propia Comisión a que elabore o proxecto.*
3. *Poderá redactarse, así mesmo, unha memoria na que figuren a metodoloxía seguida, o material utilizado e cantes datos se xulguen de interese. Non obstante, a memoria non será obrigatoria.*

### **Artigo 15**

*O proxecto de ditame deberá conter, a título indicativo:*

- a) *Un relatorio definitivo.*
- b) *A análise e valoración das responsabilidades, se é que as houbese.*

### **Artigo 16**

*Ultimado o proxecto de ditame, o presidente da Comisión remitirállelo aos membros desta, no prazo previsto no calendario de actividades, dándolle conta á presidenta da Cámara destas circunstancias.*

### **Artigo 17**

*Os membros da Comisión poderán presentar emendas ao proxecto de ditame no prazo de cinco días hábiles desde a súa remisión.*

## **Artigo 18**

*O proxecto de ditame, coas emendas presentadas, será obxecto de debate no seo da Comisión, para a súa aprobación definitiva.*

## **Artigo 19**

*Os grupos parlamentarios e os deputados e as deputadas poderán formular votos particulares ao ditame aprobado para amosar a súa discrepancia con el ou en relación con aquellas emendas que fosen rexeitadas. Os votos particulares deberán presentarse dentro dos dous días hábiles seguintes á finalización do ditame.*

## **Artigo 20**

*O ditame, cos votos particulares se os houbese, seral le remitido á Mesa do Parlamento, no prazo dos cinco días hábiles seguintes á súa tramitación. A Mesa do Parlamento dispoñerá a súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

## **Artigo 21**

*O ditame será sometido a debate e votación no Pleno e, para tal fin, a presidenta do Parlamento —oída a Mesa e a Xunta de Portavoces— ordenará o debate, concederá a palabra e fixará os tempos das intervencións.*

## **Artigo 22**

1. *O ditame aprobado polo Pleno será publicado no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia e comunicado á Xunta de Galicia, sen prexuízo de que a Mesa do Parlamento acorde o seu traslado ao Ministerio Fiscal.*

*2. Publicaranse no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia os votos particulares rexeitados.*

## **Disposición derradeira única**

*En todo o non previsto por estas normas aplicarase supletoriamente o Regulamento do Parlamento de Galicia. >>*

### **4. Plan de traballo.**

A Mesa da Comisión, na reunión do día 9 de abril, acordou a apertura dun prazo para que os grupos parlamentarios presentasen, no seu caso, antepostas do plan de traballo ata o día 15 de abril.

Con data do 10 de abril de 2008, o G.P. Popular de Galicia presentou o escrito de queixa (doc. R.E. núm. 28272), pola fixación do prazo de presentación de antepostas de plan de traballo antes da aprobación das súas normas de funcionamento, no que solicita que esta queixa se comunique á Mesa do Parlamento, e a suspensión deste prazo, procedendo a súa apertura logo da aprobación das normas de funcionamento. A Mesa da Comisión na súa reunión do día 14 de abril de 2008, tendo en conta:

-A existencia de precedentes de apertura do devandito prazo antes da aprobación das normas de funcionamento, en concreto, a Comisión de investigación sobre o Prestige, abriu o mesmo día o prazo para presentar o proxecto de normas de funcionamento e as propostas de plan de traballo no seo da Comisión, sendo aprobadas na mesma sesión da Comisión as normas de funcionamento, como punto primeiro, e despois o seu plan de traballo, no punto segundo.

-Que o prazo establecido é similar ou igual aos fixados a estos efectos por outras Comisións de investigación.

Acordou: "Que non procede estimar esta queixa, e consecuentemente, non procede a suspensión do prazo fixado para que os grupos parlamentarios presenten antepostas de plan de traballo e que remata o vindeiro 15 de abril de 2008, ás 18:30 horas."

Posteriormente, nas reunións dos días 18 e 24 de abril, logo do exame das antepostas presentadas (doc. R.E. núm. 28350, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, 28353 e 28375 do G.P. Popular de Galicia, e 28355 do G.P. dos Socialistas de Galicia), elaborou a súa proposta de plan de traballo, que foi obxecto de debate e aprobación no seo da sesión da Comisión do día 28 de abril. Este plan de traballo estructurase en tres apartados -o primeiro, relativo ás catro fases que o integran, o segundo, á relación de

documentación que se solicita e o terceiro, á relación de comparecentes- nos seguintes termos:

### **<<I. FASES**

1. *Solicitud e análise da documentación –a enviar á maior brevidade posible- que se relaciona no apartado II.*
  2. *Comparecencias perante a Comisión das persoas que se relacionan no apartado III, segundo a ordenación á que procederá a Mesa da Comisión.*
  3. *Constitución da Ponencia e elaboración pola mesma da proposta de ditame.*
- Por iniciativa dun grupo parlamentario a comisión ou a ponencia poderán solicitar novos informes, documentos ou comparecencias.*
4. *Debate e aprobación pola Comisión da proposta de ditame.*

### ***II. RELACIÓN DA DOCUMENTACIÓN QUE SE SOLICITA:***

- a) *Expediente de todos os Convenios suscritos entre a Xunta de Galicia e a empresa Iberia en materia de emigración.*
- b) *Cadros de seguimentos dos billetes de avión con cargo aos convenios de Iberia, con relación das persoas beneficiarias e/ou usuarias dos ditos Convenios e, cando menos, indicacións de datas, custe asociado, motivos e persoa que realiza a intermediación.*
- c) *Expediente completo de Dona María Isabel Blanco Rodríguez en relación cos ditos Convenios.*
- d) *Taxxeta de Dona María Soledad Soneira Tajes, dirixida á Secretaría Xeral de Emigración interesando axuda para que viaxe a Arxentina Dona María Isabel Blanco Rodríguez.*

- e) Correo electrónico remitido desde a Secretaría Xeral de Emigración a Dona María Soledad Soneira Tajes, para que llo traslade a Dona María Isabel Blanco Rodríguez.
- f) Copia de billetes de Dona María Isabel Blanco Rodríguez a Arxentina e datos relativos á súa emisión.
- g) Copia dos billetes de Dona María del Carmen Blanco Rodríguez a Arxentina e datos relativos á súa emisión.
- h) Expediente completo de Don Manuel Varela Rey, en relación coa utilización dos ditos Convenios (viales a Montevideo e Xenebra).
- i) Expediente completo de Don Adolfo Gacio Vázquez, en relación coa utilización dos ditos Convenios (viale a Bos Aires).
- j) Normativa da convocatoria de axudas para fomento do emprego do ano 2006.
- k) Expediente de adxudicación dunha axuda para contratar a Dona María Isabel Blanco Rodríguez da convocatoria de fomento de emprego do exercicio 2006, incluída a documentación xustificativa.
- l) Documentación acreditativa da constitución, fins, sede, centros de traballo, composición de órganos de dirección e actividades da Asociación de Viticultores do Castro, que obre en poder da Consellería de Traballo.
- m) Expediente completo do contrato de traballo de Dona María Isabel Blanco Rodríguez, derivado da anterior adxudicación.
- n) Expedientes da Secretaría Xeral de Emigración relativos a Dona María Isabel Blanco Rodríguez e Dona María del Carmen Blanco Rodríguez.
- o) Documentos da Secretaría Xeral de Emigración pola realización de viaxes ao exterior no ano 2007.

### III. RELACIÓN DE COMPARCENTES

- *D. Aurelio Miras Portugal, ex Conselleiro de Emigración*
- *D. Manuel Varela Rey, ex Alcalde de Carballo*
- *D. Adolfo Gacio Vázquez. Alcalde de Boqueixón*
- *D.ª María Isabel Blanco Rodríguez*
- *D.ª María Soledad Soneira Tajes, Deputada*
- *D. Manuel Luís Rodríguez, Secretario Xeral de Emigración*
- *D. Félix Porto Serantes, Alcalde de Muxía*
- *Representante de Unións Agrarias*
- *D. Ricardo Varela Sánchez, Conselleiro de Traballo. >>*

## 5. Documentación e comparecencias.

A documentación remitida e solicitada á Xunta –relacionada no anterior apartado II– tivo entrada no rexistro da Cámara cos números de asento 28072, 28901, 28961, 29000 e 29037.

En execución do plan de traballo (punto 2 das fases que integran o apartado I) a Mesa da Comisión, na súa reunión do día 28 de abril de 2008, procedeu á ordenación das comparecencias relacionadas no apartado III, que ordenou definitivamente na súa reunión do día 5 de maio de 2008.

Con data do 29 de abril de 2008, o G.P. Popular de Galicia presentou o escrito doc. R. E. núm. 28711, no que en síntese manifesta que:

- 1.º O día 28 de abril de 2008, reuniuse a Comisión de investigación ao remato da cal ten lugar unha xuntanza da súa Mesa cuxos membros foron informalmente citados.
- 2.º A convocatoria desa reunión non se realizou por escrito nin se comunicou a orde do día.
- 3.º Na Mesa da Comisión levouse a cabo unha organización dos traballos sen que o Grupo Parlamentario Popular puidese realizar unha proposta formal ao respecto.
- 4.º Consecuentemente, pídense que se convoque de novo a citada Mesa e que no sucesivo tódalas convocatorias dese órgano se realicen regulamentariamente.

A Mesa da Cámara na súa reunión do día 6 de maio de 2008, logo do exame deste escrito, tendo en conta os seguintes fundamentos de dereito:

Primeiro. O RPG non esixe expresamente que as convocatorias das mesas das comisións se fagan por escrito. Malia que esta vía é a habitual, non se debe descartar calquera outra que lles permita aos seus membros coñecer o lugar e data da reunión. Polo demais, resulta frecuente que quen exerce a presidencia dunha Mesa se poña en contacto co resto dos seus membros e, se estes están de acordo, proceder a reunila na data fixada ou de xeito inmediato, por mor dos principios de eficacia e economía.

Segundo. Logo de analizada a acta da reunión constátase que o membro do Grupo Parlamentario Popular estaba presente do que se presume lóxicamente que coñecía a data da reunión.

Terceiro. A Mesa da Cámara carece expresamente de competencia para convocar as mesas das comisións, se ben pode adoptar cantas decisións e medidas requiran a organización do traballo e o réxime de goberno interiores da Cámara. De maneira que non debe suplantar unha das funciones típicas das presidencias das comisións que é a de convocar a Mesa correspondente.

Cuarto. As mesas comisións de investigación, dentro dos límites das normas que lles resulten aplicables, poden establecer libremente a metodoloxía axeitada que posibilite o funcionamento destas.

Adoptou o seguinte acordo: "Considerar regulamentariamente improcedente que a Mesa da Cámara convoque, polos motivos invocados polo Grupo Parlamentario Popular, unha nova reunión da Mesa da Comisión de investigación sobre o supostos pagamento de viaxes a axentes electorais do PSOE con fondos da Secretaría xeral de Emigración e a contratación laboral deses axentes con fondos da Consellería de Traballo."

A Mesa da Comisión, na súa sesión do día 15 de maio de 2008, examinou, entre outros, o escrito do G.P. Popular de Galicia doc. R.E. núm. 29042, no que solicita que se convoque novamente a un representante de Unións Agrarias, "tal e como figuraba na proposta de plan de traballo", dado que a persoa designada xa é requerida para comparecer na súa condición de Alcalde de Muxía, acordando manter a comparecencia de D. Félix Porto Serantes separadamente en calidade de representante de Unións Agrarias e como alcalde do Concello de Muxía.

Nesta mesma sesión a Mesa fixou a orde do día das comparecencias requiridas que se sustanciaron nas sesións das comisións dos días 19, 21, 22 e 23 de maio de 2008, conforme as seguintes ordes do día:

Día 19 de maio

- D. Manuel Varela Rey (ex- alcalde de Carballo)
- D. Adolfo Gacio Vázquez (alcalde de Boqueixón)

Día 21 de maio

- D.<sup>a</sup> María Isabel Blanco Rodríguez
- D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Soledad Soneira Tajes. Deputada.

Día 22 de maio

- Representante de Unións Agrarias (D. Félix Porto Serantes)
- D. Félix Porto Serantes (alcalde de Muxía)
- D. Aurelio D. Miras Portugal (ex conselleiro de Emigración)

Día 23 de maio

- D. Manuel Luis Rodríguez González (secretario xeral de Emigración)
- D. Ricardo Varela Sánchez (conselleiro de Traballo)

6. Constitución, composición e reunións da Ponencia.

Na sesión da Comisión do día 23 de maio procedeuse, ademais, á designación da Ponencia encargada de elaborar o proxecto de ditame desta comisión integrada polos seguintes membros:

-Polo G.P. Popular de Galicia

- D. Antonio Rodríguez Miranda (titular)
- D. Agustín Baamonde Díaz (suplente)

-Polo G.P. dos Socialistas de Galicia

- D. Xoaquín Fernández Leiceaga (titular)
- D.<sup>a</sup> Laura Seara Sobrado (suplente)

-Polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego

- D. Carlos Aymerich Cano (titular)
- D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro (suplente)

A sesión constitutiva da Ponencia tivo lugar o día 26 de maio de 2008, coa asistencia do presidente desta Comisión, Sr. Tomé Roca, e os ponentes titulares: Sres. Rodríguez Miranda, Fernández Leiceaga e Aymerich Cano e o ponente suplente: Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro.

Na segunda reunión, que tivo lugar o día 2 de xuño de 2008, –coa asistencia dos ponentes titulares: Sres. Rodríguez Miranda, Fernández Leiceaga e Aymerich Cano e dos ponentes suplentes: Sra. Seara Sobrado e o Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro– estudiaron as novas solicitudes de información e documentación así como de comparecencias en Ponencia instadas polo G.P. Popular de Galicia (doc. R. E. núm. 29289 e corrección de erros 29301), cuxo pronunciamento pospuxeron para a seguinte reunión desta Comisión. Por último, acordaron a estructura do proxecto de ditame: antecedentes, feitos, conclusíons e recomendacións. A estos efectos solicitan a elaboración do borrador de antecedentes aos Servicios Xurídicos da Cámara e acordan aportar, se é o caso, as súas propostas sobre os restantes apartados do proxecto de ditame para a seguinte sesión.

Na terceira e derradeira reunión, que tivo lugar o día 3 de xuño de 2008, – coa asistencia de todos os ponentes titulares e suplentes– a Ponencia rexeitou, por maioría, a antedita solicitude de nova documentación e comparecencias do G.P. Popular de Galicia (cos votos a favor do ponente do G.P. Popular de Galicia, e en contra dos ponentes do GG.PG. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego). A continuación, procédese á elaboración do Proxecto de ditame acordándose, por unanimidade, a inclusión dos antecedentes elaborados das queixas e escritos presentados sobre a designación do representante de Unións Agrarias, polo G.P. Popular de Galicia, así como dos acordos adoptados sobre os mesmos polos órganos correspondentes. En relación cos feitos, conclusíons e recomendacións, os GG.PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego presentan unha proposta convxunta de Proxecto de ditame; pola súa parte o ponente do G.P. Popular de Galicia non presenta ningunha proposta neste momento pola insuficiencia da documentación e comparecencias do plan de traballo desta Comisión que motivou a súa solicitude. Logo dun breve debate sobre a proposta convxunta presentada polos GG.PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego coa incorporación dos antecedentes, sométese este Proxecto de ditame a votación da Ponencia, resultando aprobado, por maioría, cos votos a favor dos ponentes dos GG.PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego e en contra do ponente do G.P. Popular de Galicia.

## FEITOS

**PRIMEIRO.-** Que o **28 de abril de 2006**, D. David Fernández Ojea, en **calidade de representante legal de da “Asociación Viticultores do Castro”**, con Domicilio en Ourense, Parque de San Lázaro número 12 (domicilio que coincide co utilizado pola Organización Sindical “Unións Agrarias”), **solicita** (a solicitude está asinada en Valdeorras o 27 de abril) unha **“Subvención da contratación de traballadores desempregados en colaboración con órganos e organismos das Administracións Públicas distintas da Local, Universidades e Institucións sen ánimo de lucro”**, código de procedemento TR352A. En dita solicitude inclúese a petición de axuda económica para contratar a tres traballadores: Un enxeñeiro, un avogado e un economista. Que o servizo que ían a prestar estes traballadores sería: **“Asesoramento dos empregados no rural”** que consistiría en: **“Servizo de Asesoramento completo: técnico, económico e xurídico. Para mellorar a creación de emprego e a rendibilidade das explotacións agrarias para conseguir produtos e servizos de calidade”**.

A persoa que **solicitou as axudas en nome de Viticultores do Castro, D. David Fernández Ojea, non pudo comparecer na Comisión** a pesar da petición do Grupo Popular, por **terse oposto os Grupos do BNG e do PSG-PSOE**.

**SEGUNDO.-** Que o **25 de setembro de 2006** o Director Xeral de Promoción do Emprego, Álvaro Ansias Bacelar, resolve conceder unha **subvención por importe de 16.453,92 €** a **“Asociación Viticultores do Castro”**, equivalente ós custes salariais e de Seguridade Social resultante da contratación de un traballador, un oficial Administrativo, **para a realización do Servizo “Asesoramento dos empregados no rural”**. Que na resolución indícase a necesidade de que a entidade beneficiaria aportar no prazo de 2 meses dende o remate do servizo **“un informe pormenorizado sobre as actividades realizadas, características dos contratos celebrados e práctica profesional adquirida polos traballadores contratados así como as súas perspectivas de integración laboral”**. **“Xunto con este informe remitiranse copias compulsadas das nóminas aboadas ós traballadores contratados e dos boletíns de cotización á seguridade Social (modelo TC-2)”**

Asimesmo en dita **resolución** indicábase a **obriga de:**

- “**a) Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión** desta subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, **poderá dar lugar á modificación desta resolución.**

b) Queda **sometida ao cumprimento das obrigas establecidas pola regulamentación antes citada e pola lexislación laboral e de Seguridade Social e ás actuacións de comprobación e control previstas na normativa de réxime financeiro e orzamentario e as que poida realizar a Unión europea. O seu incumprimento total ou parcial, dará lugar o reintegro total ou parcial da subvención e mailos intereses de demora**, de conformidade co establecido na lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.”

**TERCEIRO.-** Con data 10 de decembro de 2006, D<sup>a</sup> María Isabel Blanco Rodríguez, suscribiu un contrato de traballo, baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada de interés social-fomento do emprego agrario, sendo o empregador a “Asociación de Viticultores do Castro”, con Domicilio en Ourense, Parque de San Lázaro número 12.

Que a empresa contratante está representada por D. Darío Rodríguez Rodríguez, Presidente da “Asociación viticultores do Castro”, que é quen, supostamente, asina o contrato de Traballo en nome de dita empresa.

Que a traballadora contratada manifestou que non coñecía a nadie de **Viticultores do Castro**, e respondendo as preguntas do Grupo Popular si coñecía en concreto a D. Darío Rodríguez Rodríguez, a súa resposta foi tamén negativa, sendo esta a persoa que a contratara, segundo a documentación.

A persoa que, supostamente, **asinou o contrato en nome de Viticultores do Castro, D. Darío Rodríguez Rodríguez, non pudo comparecer na Comisión a pesar da petición do Grupo Popular, por terse oposto os Grupos do BNG e do PSG-PSOE.**

O período de duración do Contrato foi de un ano, iniciándose o 10 de decembro de 2006 e rematando o 9 de decembro de 2007.

Durante o tempo de duración do contrato a traballadora non pisou Ourense nin a Ribeira Sacra nin o Barco de Valdeorras.

**CUARTO.-** Que para a sinatura do contrato de traballo, o Sr. Félix Porto levou á futura traballadora de “Unións Agrarias” D<sup>a</sup> María Isabel Blanco ó domicilio de “Unións Agrarias” en Santiago de Compostela, lugar onde, efectivamente, se procedeu a sinatura do contrato de Traballo. Sendo D. Félix Porto Serantes quen decidira previamente que D<sup>a</sup> María Isabel Blanco sería a persoa contratada.

**QUINTO.-** Que D<sup>a</sup> María Isabel Blanco prestou servizos retribuidos por conta allea baixo a dirección e organización de D. Félix Porto Serantes, Responsable Comarcal de Unións Agrarias(entidade polo tanto a que representaba) que dirixía a Oficina de Vimianzo, centro de traballo no que se desenvolveu esta relación laboral.

**SEXTO.-** Que D<sup>a</sup> María Isabel Blanco nunca prestou servizos para a “Asociación Viticultores do Castro” pola que foi “formalmente contratada”, nunca cumpriu cos cometidos polo que foi subvencionado o seu contrato pola consellería de Traballo e en ningún momento se lle comunicou á Consellería de Traballo as variación das condicións que serviron de base a concesión da subvención.

**SÉPTIMO.-** Por parte da Consellería de Traballo non se tiña iniciado ningunha actuación antes do inicio desta Comisión de Investigación no Parlamento, para determinar si se incorreu en uso fraudulento da subvención concedida a Viticultores do Castro para contratar un traballador cuns cometidos determinados e posibilitar a devolución desta no caso de incumprimento.

**OITAVO.-** Que o Sr. Conselleiro de Traballo, Sr. Ricardo Varela, recoñeceu no Parlamento a necesidade de iniciar un expediente informativo por parte da Consellería para determinar si non se cumpriron as condicións da subvención concedida a Viticultores do Castro debido ós documentos e testemuñas xurdidos durante o desenvolvemento desta comisión no Parlamento, e dicir, que **ata ese momento a Consellería a pesar de ter os documentos, de ter coñecemento dos feitos, non tiña feito nada para tentar descubrir as posibles ilegalidades no uso dunha subvención outorgada con fondos públicos e repoñer a legalidade**, no seu caso.

**NOVENO.-** Que tendo iniciado D<sup>a</sup> María Isabel Blanco Rodríguez a prestación dos servizos na sede de “Unións Agrarias ” en Vimianzo, no mes de xaneiro de 2007 baixo a **organización directa de D. Félix Porto Serantes** (que dirixía esta oficina), actual Alcalde de Muxía e daquela responsable comarcal do Sindicato “Unións Agrarias” na Costa da Morte indicoulle que a finalidade da súa contratación era que traballase a prol da súa candidatura polo PSG-PSOE á Alcaldía de Muxía.

**DÉCIMO.-** Que a principios de marzo de 2007 se lle ordenou a D<sup>a</sup> María Isabel Blanco Rodríguez a realización de chamadas que tiñan como finalidade promover a campaña de D. Félix Porto Serantes á **Alcaldía de Muxía polo Partido Socialista**. Estas chamadas realizábanse en horario de tarde e noite para adaptarse ó horario de Arxentina.

**UNDÉCIMO.-** Durante a vixencia do contrato en cuestión, D. Félix Porto comunicou á traballadora, Dª María Isabel Blanco que ía ter que desprazarse á capital Arxentina durante uns quince días aproximadamente.

**DUODÉCIMO.-** Que finalmente **os empregadores de Dª María Isabel Blanco Rodríguez decidiron que a viaxe se prolongase mais alá do inicialmente previsto, dispoñendo que esta se desprazase á capital de Arxentina durante os días 2 de abril a 22 de maio de 2007**, coa finalidade apoiar a candidatura electoral do PSG-PSOE á Alcaldía de Muxía.

**DÉCIMO TERCEIRO.-** Que a S. X. de Emigración asinou, no ano 2007 como en anos anteriores, **coa Compañía Iberia S.A. un convenio** mediante o cal a Xunta disporía dun importe de 24.000 € en billetes de Avión. Que en base ó citado convenio dita **Secretaría Xeral otorgou un billete a Dª María Isabel Blanco, sin cumplir as condicións que se argumentaron para a concesión**, é dicir, “**situación de necesidade e urxencia humanitaria**” por escaseza de recursos e necesitar **visitar a súa irmá** (Dª María del Carmen Blanco), dado que nese momento Dª María Isabel Blanco **estaba a cobrar unha nómina por importe de 948 €** derivado do seu traballo na oficina de Unións Agrarias en Vimianzo(engadido a que seu marido tamén traballaba exclúe a situación de necesidade económica) e a **súa irmá non estaba en Arxentina, senón en Galicia**, pois tiña obtido un billete tamén da S.X de Emigración para vir a ver a súa nai, moi enferma, en Vimianzo.

**DÉCIMO CUARTO.-** Que para realizar a viaxe a Bos Aires, con data de 20 de marzo de 2007, o **Xefe de Gabinete da Secretaría Xeral de Emigración**, órgano que depende directamente da Presidencia da Xunta de Galicia, D. Carlos Cortón Lombardero, **remitiu a Deputada do Parlamento de Galicia, Dª María Sol Soneira Tajes** (que previamente lle puido ter solicitado ó S.X. de emigración mediante unha tarxeta sen data nin nome do destinatario do billete), **o billete electrónico correspondente á viaxe de ida a Arxentina e volta a España de Dª María Isabel Blanco Rodríguez, que posteriormente lle fixo chegar á destinataria, sen que a tal destinataria o tivese solicitado**. Procedendo Dª María Isabel Blanco a viaxar a Arxentina co billete facilitado gratuitamente pola Xunta de Galicia entre o **2 de abril e 22 de maio de 2007, datas coincidentes coa precampaña e campaña das eleccións municipais**.

**DÉCIMO QUINTO.-** Que durante a **súa permanencia en Arxentina**, en Bos Aires, o seu **tempo adicouno a realizar visitas, en nome do candidato do PSG-PSOE a Alcaldía de Muxía, ós domicilios do españois con dereito a voto no Concello de Muxía**, informando dos trámites precisos para exercer o dereito o voto e **solicitando o apoio á candidatura** de Félix Porto para a Alcaldía de Muxía.

**Que para realizar ditas tarefas, e para pagar a dous colaboradores que lle axudaron en Bos Aires, D<sup>a</sup> María Isabel Blanco tería recibido de D. Félix Porto Serantes diñeiro en efectivo por valor de 2.500 €.**

*As persoas que visitou e as que colaboraron con D<sup>a</sup> María Isabel Blanco na percura de votos a favor do Sr. Félix Porto en Arxentina, non puideron comparecer na Comisión a pesar da petición do Grupo Popular, por terse oposto os Grupos do BNG e do PSG-PSOE.*

**DÉCIMO SEXTO.-** Que durante a súa estancia en Bos Aires compartiu con D. Félix Porto Serantes a participación en varios actos de partido e particulares, segundo testemuñas de D<sup>a</sup> María Isabel Blanco e do actual Alcalde de Muxía. D. Félix Porto desprazouse a Arxentina tamén para facer campaña entre os residentes neste país votantes do Concello de Muxía, ó que el aspiraba a acceder como Conselleiro, primeiro, e logo como Alcalde.

**DÉCIMO SÉPTIMO.-** Que unha vez retornou de Arxentina estivo **2 semanas sen incorporarse ó seu posto de traballo, e posteriormente disfrutou de dúas quincenas de vacacións non consecutivas.**

*As compañeiras de traballo que poderían reforzar a veracidade deste feito, non puideron comparecer na Comisión a pesar da petición do Grupo Popular, por terse oposto os Grupos do BNG e do PSG-PSOE.*

**DÉCIMO OITAVO.-** Que en decembro de 2007 pone fin a súa relación laboral con Unións agrarias.

**DÉCIMO NOVENO.-** Que o Sr. Conselleiro de Presidencia dictou resolución o 11 de marzo de 2008 ordenando “*arquivar as actuacións prácticadas no periodo de información previa dirixido a coñecer os procedementos seguidos na tramitación desenvolvida pola Secretaría Xeral de Emigración para o finanziamento de viaxes a emigrantes en situación de urxencia humanitaria, así como a tramitación da viaxe a Bos Aires de D<sup>a</sup> María Isabel Rodríguez, sen que proceda iniciar ningún procedemento*”. Sendo demostrado no transcurso da comisión documentalmente e con testemuñas que as causas aducidas para conquerir o billete eran falsas. Polo tanto a conclusión da *información previa interna é falsa* e polo tanto a resolución dictada polo Sr. Conselleiro de Presidencia é contraria a derecho.

**VIXÉSIMO.- Que acorde con todos os feitos anteriormente citados podemos constatar,** polas probas documentais que:

- Al menos unha persoa contratada con subvención da Consellería de Traballo por Viticultores do Castro, traballou no seu lugar para Unións Agrarias.
- Que traballou baixo as ordes de D. Félix Porto Serantes, quen decidiu a súa contratación.
- Que se lle facilitou a viaxe a Arxentina de Dª María Isabel Blanco, durante 53 días, financiada con “dereitos patrimoniais” da Xunta de Galicia valorados en 1.120,95 €.
- Que os supostos que serviron de base para concederlle o viaxe son falsos.
- Que a Dª María Soledad Soneira Tajes foi quen lle fixo chegar o Billete.
- Que mentras estaba pedindo o apoio e votos en Arxentina para Félix Porto Serantes, seguíaselle pagando en Galicia cos fondos facilitados pola Consellería de Traballo.
- Que Dª María Isabel Blanco polos seus cometidos en Arxentina pode ser considerada “axente electoral” do PSG-PSOE e as súas actividades políticas foron financiadas con fondos públicos da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo e da Secretaría Xeral de Emigración.

## CONCLUSIÓN

Esta Comisión que se constitúe para investigar o financiamento con fondos públicos da contratación de persoas que realizan durante o seu tempo de traballo actividades a prol dun partido político coa finalidade de captar votos, e o emprego por parte de responsables dun partido político con cargos públicos dos recursos que ten a Xunta de Galicia para facilitar unha viaxe ao exterior desas mesmas persoas na procura de votos para un candidato do partido Socialista, xa ten demostrado ata o

momento uns feitos significativos, que **confirman o interese de tela constituído, pero áinda non rematou os seus traballos.**

**Aínda faltan testemuñas** que terían que trasladar ante o pobo Galego, a través dos seus lexítimos representantes, que coñecemento teñen dos feitos investigados, que **confirmación nos poderían dar dos indicios ata agora aportados, e que explicacións por non ter atendido á legalidade e á verdade**, en vez de a intereses partidistas, na tramitación de expedientes administrativos.

**Aínda falta por aportar, para poder examinar, unha importante cantidade de información** que nos permitiría **coñecer a realidade e cuantificación do número de casos semellantes o xa investigado**, en que órganos da Xunta de Galicia como a Consellería de Traballo permitiu **que con fondos públicos, e a través de entidades interpostas, se puidese subvencionar a contratación de persoas que traballarían a prol dun determinado partido político** dos que sustentan o Goberno actual da Xunta de Galicia.

**Aínda falta por aportar mais documentos** que nos permitan **coñecer si as entidades implicadas neste caso, tamén o están noutras de semellante arquitectura**, referímonos a “**Viticultores do Castro**” (Asociación cuxo representante legal é un cargo electo do Partido Socialista e algún do seus membros participou en candidaturas Socialistas) e a **Unións Agrarias**. Tamén falta por poder **examinar os documentos que recollan axudas a Asociacións e outras entidades nos anos 2006 e 2007 para coñecer se os vicios detectados** no caso investigado **se deron en mais ocasións**.

A pesares, de todo o exposto, e **cos feitos que se puideron probar podemos chegar ás seguintes conclusións:**

1. A **Asociación de viticultores do Castro obtivo unha subvención para o fomento do emprego, cofinanciada con fondos do FSE**, que lle concedeu a Consellería de Traballo para **Contratar a un traballador**, coas seguintes precisóns:
  - A subvención tíñase solicitado para tres traballadores: Enxeñeiro, Avogado e Economista.
  - Nun momento sen determinar a asociación cambiou o economista por un Administrativo.

- Finalmente coa Subvención contratouse a un Oficial Administrativo.
  - A persoa contratada foi D<sup>a</sup> María Isabel Blanco.
  - A prestación do Servizo tiña que ser realización de traballos de asesoramento a viticultores da Ribeira Sacra.
- 2. As persoas que participaron na solicitude e obtención da subvención a favor de viticultores do Castro foron o seu Representante legal D. David Fernández Ojea e D. Darío Rodríguez Rodríguez.** Debido a súa directa participación é **inxustificable que non tivesen comparecido nesta comisión** de investigación para coñecer a súa versión dos feitos.
- 3. Dende o primeiro momento a prestación do Servizo realizouse nas dependencias de Unións Agrarias, nun ámbito territorial distinto o da súa contratación e baixo a dirección de Félix Porto Serantes, responsable comarcal e tamén autonómico de Unións Agrarias que foi nese período Candidato á Alcaldía de Muxía e posteriormente Alcalde de dita Localidade.**
- 4. Que nos termos do Estatuto dos traballadores entre D<sup>a</sup> María Isabel blanco e Unións Agrarias “presúmese” que existiu unha relación laboral,** pois estivo prestando servizos retribuídos por conta allea baixo a dirección e organización de D. Félix Porto Serantes, Responsable Comarcal de Unións Agrarias.
- 5. Que se produció un fraude de índole laboral** pois a pesar da súa relación de facto con Unións agrarias, **nunca tivo un contrato de traballo con esta entidade.**
- 6. Que se produció unha cesión ilegal de traballadores** pois sendo **contratada por unha entidade**, en todo momento **prestou servizos para outra distinta.** Non se acreditou documentalmente a existencia de acordos entre ambas entidades, que ainda existindo, non garantirían a legalidade da cesión de dita traballadora.
- 7. Que existe unha modificación substancial das condicións de traballo e por tanto das condicións de concesión da subvención.**
- 8. Que se produció un fraude no uso da subvención** concedida por parte da **Consellería de Traballo**, pois non se cumpriron as condicións para as que foi concedida:

- **Traballo en empresa distinta** a que a contratou e a que se lle concedeu a subvención
  - **Tarefas distintas** a aquelas que foron o fundamento da subvención.
  - **Ámbito territorial distinto** a aquel para o que se concedeu a subvención.
9. Que por parte da Consellería de Traballo incorreuse nunha **deixación de funcións** por non levar a cabo actuacións para coñecer internamente os incumplimentos e, no seu caso, proceder á reposición da legalidade, sendo coñecedores destes incumplimentos, segundo declaracíons do propio Conselleiro de Traballo Sr. Ricardo Varela, e dado que as denuncias do Partido Popular se levan recollendo nos medios de comunicación nos últimos 3 meses.
10. Que a consellería de Traballo vai a proceder, agora, a unha **investigación interna**, segundo declaracíons do propio Conselleiro de Traballo Sr. Ricardo Varela nesta Comisión. Se agora vai a investigar internamente, segundo o seu responsable, é que hai algo que investigar; nembargante ó mesmo tempo a este órgano parlamentario non se lle deixa pedir mais testemuñas como o Sr. D.X de Promoción do Emprego (que é quen concedeua subvención e será quen vai a facer a investigación interna) **nin se lle permite solicitar mais documentación**. Quedan sen resposta a preguntas: Porque se cerra a comisión de investigación no Parlamento si a Consellería de Traballo vai a seguir investigando? Que vai a investigar a consellería de Traballo que o Parlamento non pode?
11. Que non foi posible determinar si por parte da Consellería de Traballo se deixou de controlar e de esixir responsabilidades noutros casos polo uso indebido de subvencións públicas, dado que se lle negou a esta comisión o acceso a subvencións concedidas nos últimos anos a favor de entidades ou organizacións análogas ás implicadas nesta investigación parlamentaria.
12. Que non foi posible determinar si por parte da Consellería de Traballo se deixou de controlar e de esixir responsabilidades polo uso indebido de subvencións públicas ás entidades e organizacións implicadas nesta investigación parlamentaria, dado que se lle negou a esta comisión o acceso ás subvencións que lle foron concedidas nos últimos anos.

13. Que o Sr. conselleiro de Traballo, e Secretario de Organización do PSG-PSOE, concede a través da Consellería que dirixe unha subvención a unha asociación formada por persoas vinculadas o Partido Socialista, permite que se incumpran as condicións da subvención, permite que se ceda o traballador a outra entidade tamén vinculada o Partido Socialista como é o Sindicato Unións Agrarias, e permite que con fondos públicos se acabe financiando a unha axente electoral do PSG-PSOE, todo isto sen tomar ningún tipo de medidas como é a súa obriga.
14. Que por parte do Sr. Conselleiro de Traballo, antepúxose o seu interés partidista o desexo de mellorar os resultados electorais do seu partido dos que é directamente responsable, á obriga que ten como titular da Consellería de velar polo bo uso dos fondos públicos e puxo en risco as Axudas da Unión Europea pois deuse un uso indebido de partidas orzamentarias cofinanciadas dende o Fondo Social Europeo.
15. Que en base ó convenio que a Secretaría Xeral de Emigración asinou, no ano 2007 como en anos anteriores, coa Compañía Iberia S.A. otorgou un billete a D<sup>a</sup> María Isabel Blanco, sin cumplir as condicións que se argumentaron para a concesión:
  - Non cumple a argumentada situación de necesidade e urxencia humanitaria por escaseza de recursos, dado que nese momento D<sup>a</sup> María Isabel Blanco estaba a cobrar unha nómina por importe de 948 € derivado do seu traballo na oficina de Unións Agrarias en Vimianzo e o seu marido tamén traballaba.
  - Non cumple a condición de pretender visitar á súa irmá en Arxentina, pois a súa irmá non estaba en Arxentina, senón en Galicia, xa que tiña obtido un billete tamén da S.X de Emigración para vir a ver a súa nai, moi enferma, en Vimianzo.
16. Supostamente D<sup>a</sup> María Soledad Soneira foi quen solicitou o billete e posteriormente foi quen llo trasladou a D<sup>a</sup> María Isabel Blanco mediante un correo electrónico, é dicir a responsable de Emigración do Partido socialista e cargo importante do partido na Costa da Morte, que coñecía a destinataria do Billete fai moitos anos, a pesar de que sabía que non reunía os requisitos, pediu igualmente o billete, polo interese político que tiña o viaxe para o seu partido e particularmente para a súa área de responsabilidade.

Deste xeito podemos afirmar que a Deputada do Grupo Socialista Sra. Soneira Tajes foi colaboradora necesaria para que se financiase por parte da Xunta a viaxe dunha axente electoral do partido Socialista a Arxentina, e coñecendo que durante a súa estancia estaba a percibir unha nómina tamén financiada con fondos da Xunta de Galicia.

17. Que o Sr. Secretario Xeral de Emigración incorreu nunha deixación de funcións ó non comprobar os requisitos supostamente alegados pola beneficiaria, ainda que difficilmente crible, pois a beneficiaria en ningún momento lle solicitou o Billete a Xunta, senón que foron outros intermediarios.

Xa que logo a hipótese mais probable é que dende a Secretaría Xeral de Emigración se xestionou directamente o billete sen ningún tipo de comprobación, pois como a solicitud viña de cargos do Partido Socialista debía ser concedida polo interés do Partido.

18. Que dende a Secretaría Xeral de Emigración se buscaron excusas con documentación de otros expedientes que obraban no seu poder, referida as persoas afectadas, pero relacionadas con outros temas, non co obxecto desta viaxe. Que houbo ánimo por parte da Secretaría Xeral de Emigración de “fabricar” xustificantes para amparar o acto ilícito no que tiñan incorrido.
19. O Sr. Conselleiro de Presidencia dictou resolución ordenando “*arquivar as actuacións prácticadas no periodo de información previa dirixido a coñecer os procedementos seguidos na tramitación desenvolvida pola Secretaría Xeral de Emigración para o finanzamento de viaxes a emigrantes en situación de urxencia humanitaria, así como a tramitación da viaxe a Bos Aires de Dª María Isabel Blanco Rodríguez, sen que proceda iniciar ningún procedemento*”, quedando demostrado no transcurso da comisión documentalmente e con testemuñas que as causas aducidas para conquerir o billete eran falsas.

Polo tanto a conclusión da *información previa interna* é falsa e a resolución dictada polo Sr. Conselleiro de Presidencia é contraria a derecho. Isto determina o animo do Sr. Concellero de Presidencia de esconder o incumprimento da S. X. de

**Emigración e polo tanto ocultar a responsabilidade que deste incumprimento se puidese derivar.**

20. Que o obxectivo do Sr. Conselleiro de Presidencia de esconder o incumprimento da S. X. de Emigración, falseando ou condicionando o resultado dun procedemento de “información previa interna”, determina que dito responsable político incorre nunha grave responsabilidade, por dito acto en si e polo ánimo de engano que se deriva da súa conduta, todo por un interese político.
21. Que o feito de que o Sr. Félix Porto mantivese a D<sup>a</sup> María Isabel Blanco traballando en Arxentina durante 53 días, coa colaboración da Sra. Soneira Tajes, ó mesmo tempo que se lle estaba pagando unha retribución en Galicia con fondos públicos aportados pola Consellería de Traballo (que dirixe o seu Xefe Político, o Sr. Ricardo Varela que é Secretario Xeral do PSG-PSOE), determina que sexa o responsable directo do emprego de fondos públicos para financiar actividades dun partido político.

## RECOMENDACIÓN

1.- A utilización fraudulenta dos cartos públicos obtidos a través dunha subvención cofinanciada con Fondos Comunitarios para un fin que non garda relación algunha co obxecto para o que foi concedida, é un feito de extrema gravidade, que mesmo podería chegar a poñer en perigo a obtención de novos Fondos con esta orixe.

En consecuencia, debe chegarse ó fondo deste asunto, coa aportación de toda a documentación que ata agora foi denegada, poñendo todo elo en coñecemento das Autoridades Comunitarias, para dáralles conta do emprego destes Fondos evitando posibles actuacións de oficio que supoñan sanción ou minoración dos cartos que se viñan recibindo.

Do mesmo xeito, deben ser reintegradas inmediatamente as cantidades que, en concepto de subvención, foron utilizadas de xeito fraudulento.

2.- Debe propiciarse a máxima transparencia na concesión de viaxes con cargo ós **Convenios** que teña asinados a Xunta de Galicia (ou asine no futuro) coas **compañías aéreas**, evitando que a intermediación política supoña, como quedou acreditado no presente caso, a abstención, por parte da Administración, da realización de calquera tipo de comprobación, que sempre deberán realizarse con carácter obligatorio.

Asimesmo, e con este mesmo obxectivo de transparencia, ás **resolucións** polas que se concedan estos billetes deberá dárselles publicidade, indicando motivos da viaxe, beneficiarios e condición na que realizan a viaxe.

O Partido Socialista debe proceder de xeito inmediato ó reintegro do prezo equivalente do billete utilizado fraudulentamente, para permitir que sexa aproveitado por un beneficiario nas condicións establecidas no Convenio.

3.- Coñecidos os datos que se foron aportando durante o desenvolvemento da **Comisión de Investigación**, e aqueles outros que se coñeceron a pesar da oposición dos Grupos do PSdeG e do BNG a que se aportasen na Comisión, resulta imprescindible escoitar as testemuñas das persoas cuxa comparecencia foi denegada, así como examinar a documentación, directamente relacionada con este caso, que tamén foi denegada.

Solo estas circunstancias permitirían esclarecer totalmente o sucedido, evitando que se repita nun futuro.

Así mesmo, e con carácter xeral, *deben modificarse as propias regras de funcionamento das Comisións de Investigación, no senso de evitar que os Grupos Políticos poidan, de xeito discrecional, impedir a comparecencia de testemuñas, limitar o número de preguntas ou denegar a solicitude ou aportación de documentos cando garden relación directa coa investigación da que están sendo obxecto.*

4.- Á vista dos evidentes indicios da comisión de posibles delitos que se derivan do averiguado nesta Comisión, debería darse traslado de todo o actuado (incluídas as actas literais da Comisión de Investigación), e da documentación que se solicitou e ainda non se obtivo, á Autoridade Xudicial, a efectos de que faga as investigacións oportunas e decida, no seu caso, a instrucción do correspondente procedemento.

5.-Resulta obligada, por hixiene democrática e credibilidade das Institucións e do Partido Político obxecto da investigación, a asunción de responsabilidades por parte dos cargos políticos cuxa actuación irregular quedou acreditada durante a Comisión.

Esta asunción de responsabilidades deberá referirse a tódolos aspectos que foron obxecto de investigación.

Xa que logo, o Parlamento de Galicia dirixirá as seguintes recomendacións:

#### Ó Goberno da Xunta de Galicia:

- *Asunción de responsabilidades materializada na dimisión, e de non producirse proceder o cese, do Conselleiro de Traballo.*
- *Asunción de responsabilidades materializada a través da pública reprobación, das actuacións seguidas en canto os feitos investigados, das seguintes persoas: Conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e Secretario Xeral de Emigración.*

#### Ó PSdeG-PSOE:

- *Asunción de responsabilidades, co abandono dos cargos que ocupan as seguintes persoas: Ricardo Varela, na súa condición de Secretario de Organización, e Marisol Soneira Tajes, na súa condición de responsable de Emigración.*

- **Asunción de responsabilidades, coa adopción das medidas disciplinarias que procedan na súa condición de afiliado, de Félix Porto.**

Igualmente, e ós efectos de que o coñezan e adopten as medidas que consideren oportunas, o **Parlamento dará traslado deste Dictame, ó Sindicato Unións Agrarias e ó Pleno do Concello de Muxía.**

6.- Que o Goberno Galego no prazo máximo de 3 meses presente no Parlamento un Proxecto de Lei que regule as condicións nas que se deben realizar as viaxes institucionais ó exterior dos membros do Goberno Galego e representantes da Xunta de Galicia, no que se garanta o establecemento dun prazo en relación coa data de celebración das eleccións no que non se poidan realizar.

7.- Que por parte do Goberno Galego se inste ó cumprimento coa maxima urxencia dos acordos ós que se ten chegado no seo da **Ponencia convxunta** encargada de elaborar unha proposición de lei para a modificación da lexislación electoral no que atinxe aos residentes ausentes.

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 10/06/2008 17:36:17**

**Antonio Rodríguez Miranda na data 10/06/2008 17:36:22**

**Jose Manuel Castelao Bragaña na data 10/06/2008 17:36:53**

**Agustín Baamonde Díaz na data 10/06/2008 17:36:59**